



GUÍA DOCENTE DE **SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da linguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Pedagogía	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.			4						Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Principios sociolóxicos. A institución escolar: funcións política e económica da educación. A educación na transmisión da cultura. Desenvolvemento persoal, social e moral. Familia, pais/nais e profesores/as. Diversidade cultural. Integración e inclusión. A estratificación social. Coeducación. Violencia escolar. Os medios de comunicación social. Teorías actuais en socioloxía da educación.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes a Teoría da Educación.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Está relacionada con Teoría da Educación, Psicopedagogía e Planificación de aula e dinámicas educativas.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T7, T8, T9, T10, T12, T15, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X16, X17, X24, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP1, EP2, EP5, EP6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Estudar os paradigmas clásicos en socioloxía así como as novas perspectivas xurdidas nas dúas últimas décadas, como o posmodernismo e a globalización, entre outras.	T1 T2 T15 X16 X18 X24 EP1 EP5 EP6
2. Comprender a evolución da sociedade e a cultura ao longo da historia e a estrutura actual cos seus grupos, organizacións e redes sociais.	T1 T2 T8 T12 T15 X16 X18 X24 EP1 EP5 EP6
3. Estudar a desigualdade e a estratificación social atendendo ás clases, a pobreza, o benestar, a raza, a etnia, as migracións, o xénero, a sexualidade.	T1 T2 T8 T9 T15 T17 X16 X18 X24 EP1 EP5 EP6
4. Coñecer as estruturas e institucións sociais que máis inflúen na educación: goberno, familia, sanidade, medios e comunicación, con especial atención á escola e a alfabetización.	T1 T2 T15 X16 X18 X24, EP1 EP5 EP6
5. Desenvolver a capacidade de investigación sociolóxica	T1 T2 T7 T8 T9 T10 T15 T16 T17 X16 X26 EP1 EP6
6. Coñecer o aproveitamento escolar dos estudantes de escasos recursos económicos e os	T1 T2 T9 T15 X16



conflitos e a compatibilidade entre as culturas do fogar e da escola.	X24, EP1 EP5 EP6
7. Asumir e responsabilizarse do rol da escola no desenvolvemento das diferenzas por xénero	T1 T2 T8 T15 X16 X18 X24 EP1 EP5 EP6
8. Idear exemplos da pedagogía con relevancia cultural que se axusten aos graos e materias do ensino da música.	T1 T2 T7 T8 T9 T10 T12 T15 T16 T17 X16 X17 X24 X26 EP2 EP5 EP6

4. CONTIDOS

1. Fundamentos da socioloxía.
2. Cultura e sociedade.
3. A socioloxía da educación.
4. A socioloxía da música.
5. Educación musical e socioloxía.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Exposición maxistral	Presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica individual: estudo e traballo sobre dinámicas de grupo	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica colectiva: debates y dinámicas de grupo	Presencial	Durante o cuadrimestre
Lectura guiada e comentario de fontes	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Titorías: individuais e de grupo	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Actividades de avaliación: probas e revisión de probas	Presencial e non presencial	Durante o cuadrimestre

. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre: ordinaria e extraordinaria, que consistirán no seguinte:

- A avaliación ordinaria terá en conta a asistencia dos alumno/as ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas. Se o alumno/a perdera a avaliación continua por faltas de asistencia (serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de xaneiro.
- A avaliación extraordinaria se contempla para os alumno/as que no aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo. Os alumno/as terá que realizar un examen ou ou traballo complementario.

Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.